



CONCELLO  
DA LARACHA

## **PROGRAMA HARMONIZA: CONCILIANDO NA LARACHA**

### **SERVIZO DE CANGUROS**

#### **QUE É?**

É unha nova modalidade dentro do programa Conciliando na Laracha dirixida ás familias con nenas e nenos desde os 4 meses aos 12 anos de idade que contempla un conxunto de tarefas centradas nos coidados básicos e atención a prestar nos domicilios.

O fundamento principal desta modalidade son as circunstancias e necesidades de carácter familiar e laboral, de natureza extraordinaria, tanto das e dos menores como das nais, pais ou representantes legais que non poidan ser satisfeitas ou non sexan compatibles cos outros servizos de *Conciliando na Laracha*, ou doutras administracións públicas para atender necesidades de conciliación.

É un servizo para cubrir necesidades puntuais, non de carácter estable ou estrutural prolongadas no tempo.

#### **A QUEN VAI DIRIXIDO?**

Unidades familiares con necesidades de conciliación.

#### **REQUISITOS DE ACCESO**

- Estar empadroadada ou empadroadado no concello da Laracha.
- Persoas con necesidades de conciliación obxectivamente demostradas

#### **HORARIO**

Todo o ano de 7:30 a 22:00 horas, agás fins de semana e festivos.

#### **HORAS DE USO**

Cada unidade familiar dispón dun máximo de 40 horas anuais.

Diariamente pode utilizarse o servizo un mínimo de 1 hora e un máximo de 6 horas ata a finalización das horas anuais que lle correspondan a cada unidade familiar

#### **TAREFAS A REALIZAR**

Con carácter xeral, exclúense as tarefas domésticas (salvo aquelas que estean vencelladas estritamente ao benestar do menor) así como a tarefa de acompañamento da ou do menor ao servizo de pediatría (agás no caso dunha emerxencia que poida poñer en risco a saúde do mesmo durante a realización do servizo).



CONCELLO  
DA LARACHA

### 1. No domicilio:

- Quentar almozos ou comidas.
- Axudar a comer en función da idade ou características da/o menor.
- Dispensar coidados a menores enfermos/as en ausencia das persoas responsables, proporcionando medicación en caso de enfermidade, segundo prescrición médica e sempre que as nais, país ou representantes legais o autoricen por escrito e faciliten as instrucións necesarias en relación co seu estado de saúde. En ningún caso a persoa que exerce de *canguro* asumirá coidados para os que se requira formación sanitaria.
- Supervisión e aseo.
- Planificar e realizar actividades de lecer.

### 2. Fóra do domicilio:

- Traslados ou acompañamentos da/do menor fóra do fogar sempre dentro do termo municipal. Está incluído, en situación excepcionais, o acompañamento en transporte público sufragado polos responsables da ou do menor.

## PROCEDEMENTO DE ACTIVACIÓN DO SERVIZO

- As persoas interesadas en utilizar o servizo deben presentar a solicitude **no** Rexistro Xeral ou Sede Electrónica do Concello segundo o modelo establecido.
- A continuación o persoal técnico municipal responsable do servizo concertará unha entrevista coa familia para avaliar as necesidades desta, co obxectivo de realizar un parte de servizo, no que quedará recollida a información facilitada e as autorizacións necesarias para o bo funcionamento do servizo *Canguros*.
- Unha vez reciba comunicación de alta no servizo no enderezo electrónico da nai, pai ou representante legal, cando a persoa queira facer uso del, debe chamar ao teléfono habilitado polo concello para ese efecto, con un mínimo de dous días de antelación (non se computarán as fins de semana nin festivos).
- Unha vez finalizado o período concedido, para volver a facer uso desta modalidade deberá contactar de novo co persoal técnico municipal responsable dos Programas de Conciliación.